



- **A unidade mantida pola Plataforma Sindical conseguiu que se nos apliquen os permisos e licenzas dos funcionarios autonómicos que melloran os nosos, rematando así cos funcionarios de primeira e de segunda.**
- **A Plataforma Sindical dá de prazo, á Directora Xeral, ata o 16 de Maio como data limite para presentar unha oferta económica.**

## PERMISOS E LICENZAS

Dentro do marco da **Plataforma Sindical Unitaria**, na Mesa Sectorial do pasado día 29 de abril negociouse unha nova orde de permisos e licenzas, así como o calendario laboral do 2008 e a regulación das vacacións de verán. Entre outras cuestións, conseguiuase que os permisos e licenzas recollidos na Lei da Función Pública de Galicia sexan de aplicación aos funcionarios de Xustiza. Entre os permisos que cambiarían están:

PERMISO	ANTES	A PATIR DE PUBLICACIÓN DOGA
PATERNIDADE	15 Días	29 Días
POR TRASLADO DE DOMICILIO	Un día sempre	Un día na mesma localidade e dous con cambio de localidade. Se a unidade familiar esta composta por dous ou mais membros o permiso será de dous días sen cambio de localidade e catro con cambio de localidade
VACACIÓNS / ASUNTOS PROPIOS	Podíanse gozar ata o 15 de xaneiro	Poderanse gozar ata o 31 de xaneiro
COIDADADO DUN FAMILIAR	NADA	Permiso retribuído de 30 días naturais

## CADROS DE PERSOAL DOS ÓRGANOS DE NOVA CREACIÓN

Por parte da Administración déusenos traslado da proposta **de cadros de persoal para os xulgados** de nova creación, que entrarán en funcionamento a finais deste ano:

XULGADO	LOCALIDADE	XESTIÓN	TRAMITACIÓN	AUXILIO XUDICIAL
1ª Instancia nº 12	<b>A Coruña</b>	3	4	1
1ª Instancia nº 6	<b>Santiago</b>	2	4	1
1ª Instancia nº 5	<b>Pontevedra</b>	2	4	1
1ª Instancia nº 6	<b>Ourense</b>	2	4	1
Mixto nº 2	<b>A Estrada</b>	2	2	1
Contencioso nº 2	<b>Lugo</b>	2	3	1

Os Sindicatos esiximos que as unidades de **Santiago, Pontevedra e Ourense** se doten cunha praza máis de Auxilio xudicial ou, subsidiariamente, se aumente no mesmo número os efectivos de Auxilio xudicial do Servizo Común de Notificacións de cada cidade. No Mixto de **A Estrada**, o cadro de persoal débese ampliar cun funcionario do corpo de Tramitación Xudicial e outro do corpo de Auxilio Xudicial, ao igual que no contencioso número 2 de **Lugo**.